

28/277 APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS DA SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO: LUGO SOSTIBLE 5.0 CÓDIGO DE PROXECTO: 222410204 LUGO SOSTIBLE 5.0.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Desenvolvemento Local, do 11 de maio de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Vistos:

- 1.- Orde de 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (DOG 8 de marzo de 2022).
- 2.- Resolución de concesión de axudas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Xunta de Galicia), do 28 de xullo de 2022, para a posta en marcha do obradoiro de emprego “LUGO SOSTIBLE 5.0”, por un importe de 524.987,00 euros.
- 3.- Do importe total da subvención concedida, 21.000 euros van destinados a incentivos á contratación laboral de 14 alumnos traballadores do referido obradoiro de emprego. As empresas beneficiarias e interesadas nestes incentivos poderán obter unha subvención de 1.500 euros por contratación formalizada.
- 4.- As 14 contratacións referidas terán unha duración dun mínimo de tres meses a xornada completa, e deberán comezar con carácter xeral nos quince días seguintes á finalización do obradoiro de emprego, polo que a publicación da convocatoria deberá realizarse con suficiente antelación.
- 5.- Certificado de consignación presupostaria asinado pola Tesoureira Municipal, do 21 de abril de 2023, na partida 24102.48100 co RC. 25194.- (Código de proxecto: 222410204), por importe de 21.000 euros.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcadesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcadesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1455725547009010024.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

(GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.ª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as **BASES XERAIS REGULADORAS DA SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO “LUGO SOSTIBLE 5.0”** co seguinte texto:

**“BASES XERAIS REGULADORAS DA SUBVENCIÓN POR INCENTIVOS Á
CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE
EMPREGO “LUGO SOSTIBLE 5.0”**

Artigo 1

Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empleabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro de Emprego “Lugo Sostible 5.0”, número de expediente: 27/ 11/ 2022 cofinanciados a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a talleres duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.
2. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.
3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.
4. A contratación laboral deberá comezar nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego LUGO SOSTIBLE 5.0, sendo a data de finalización deste o 29/09/2023.

Artigo 2

Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente

relacionada coa formación impartida no Obradoiro de Emprego, para en concreto cos certificados de Profesionalidade de “Desenvolvemento de Productos Multimedia Interactivos (IMSV0209)”, “Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web (IFCD0210)” e “Xestión de Marketing e Comunicación (COMM0112)”, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Lugo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas ás Administracións Públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso salvo que nel adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente
- e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1455725547009010024.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ou a Lei Xeral Tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de Infraccións e Sancións na orde social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitante de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 3

Contía dos incentivos

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 14 en total.

3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Artigo 4

Contía total e crédito orzamentario

A contía total consignada destinada a estes incentivos para o exercicio orzamentario de 2023, ascende á cantidade de 21.000 euros, que se imputarán con cargo á partida presupostaria 24102.48100 do vixente ornamento municipal.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Artigo 5

Exclusións

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1455725547009010024.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6

Prazos e solicitudes

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables **deberán presentarse no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Entenderáse como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderáse que o prazo finaliza o último día do mes.

2. Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC), **deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Lugo, no enlace <https://www.lugo.gal/portal/>.**

3. Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Lugo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos.

4. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo, **xunto coa seguinte documentación**, orixinal ou copia cotexada ou comparada:

- a) Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no anexo.
- c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, incluída no anexo.
- d) Certificados de non ter débedas coa Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (ATRIGA) e coa Seguridade Social. O Concello de Lugo comprobará de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co mesmo.

e) *Certificación bancaria do número de conta.*

5. *Asimesmo publicaranse as presentes Bases na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal), debendo inxerirse igualmente no Taboleiro de Anuncios municipal (www.lugo.gal).*

Artigo 7

Xustificación e pago

1. *De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión.*

O prazo do que dispoñen as entidades beneficiarias para xustificar o cumprimento dos requisitos que dan dereito ó cobro da subvención, é nos 15 días seguintes á finalización do período mínimo dos tres meses de contratación. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade de este. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación para presentar é a seguinte:

a) *Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas Administracións Públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo.*

b) *Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.*

c) *Aos efectos de comprobar que o contrato do traballador obxecto de subvención estivo dado de alta na Seguridade Social durante o período mínimo de tres meses, a entidade deberá aportar a RNT do citado traballador (TC2).*

d) *Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos 3 meses, a xornada completa.*

e) *Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o concello pondera requirir á empresa/entidade beneficiaria da axuda.*

2. *Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como tamén fronte ao Concello de Lugo, ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.*

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1455725547009010024.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

Artigo 8

Obrigacións das entidades beneficiarias

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no Obradoiro de Emprego, e decir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de "Desenvolvemento de Productos Multimedia Interactivos (IMSV0209)", "Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web (IFCD0210)" e "Xestión de Marketing e Comunicación (COMM0112)".

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Lugo no **prazo de sete días hábiles desde que se produza**, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extíngase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do taller dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 9

Competencia

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Desenvolvemento Local, mentres que corresponderá a competencia para a súa

resolución á Tenente de Alcaldesa e Concelleira de Cohesión e Dinamización Social.

Artigo 10

Procedemento de concesión, instrución e tramitación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, unicamente se atenderá á súa ordenación por rexistro cronolóxico de entrada no Concello de Lugo.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimis (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 11

Resolución e recursos

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán dende a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderáse desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de Subvencións de Galicia.
3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para a súa aceptación; transcorrido éste sen que se produza manifestación expresa, entenderáse tácitamente aceptada.
4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1455725547009010024.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 12

Incompatibilidades e concorrencia

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as Administracións Públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Artigo 13

Perda do dereito á cobranza da subvención e reintegro

1. Procederá a perda do dereito á cobranza da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderáanse sen prexuízo do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na orde social.

3. Entenderáse que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Artigo 14

Devolución voluntaria da subvención

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e a denominación da subvención concedida."

ANEXO

 Concello de Lugo	
SOLICITUDE: Incentivos á contratación do alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego "Lugo Sostible 5.0"	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:	

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1455725547009010024.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

DATOS BANCARIOS

TITULAR DA CONTA:						
NÚMERO DE CONTA						
IBAN						

DATOS DA SUBVENCIÓN

A entidade ou persoa interesada solicita unha axuda para a contratación por conta allea e a xornada completa, durante un período mínimo de tres meses de alumnos-traballadores participantes do Obradoiro de Emprego "Lugo Sostible 5.0" da especialidade de **(indique o número de alumnos a contratar por especialidade)** :

-Desenvolvemento de Productos Multimedia Interactivos (IMSV 0209) - Nº alumnos a contratar:....

-Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web (IFCD 0210) - Nº alumnos a contratar:.....

-Xestión de Márketing e Comunicación (COMM 0112) - Nº alumnos a contratar:.....

A ENTIDADE OU PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

- DATOS DE OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS / CAPACIDADE CUMPRIMENTO:

(Marque a casilla correcta):

Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda ou subvención para a mesma finalidade de ningún organismo ou institución público ou privado

Que sí solicitou ou se lle concederon outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade de algún organismo ou institución pública ou privada

- DATOS DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS

En caso afirmativo, deberá especificar a entidade, organismo ou institución concedente e o seu importe e máis a data da súa percepción:

ENTIDADE OU ORGANISMO	IMPORTE	DATA

- AXUDAS DE MÍNIMIS

En caso de que se solicitase ou concedese algún tipo de axuda ou subvención das coñecidas como de mínimos, deberá especificarse do mesmo xeito: a entidade ou organismo concedente, o seu importe e a súa cuantía:

ENTIDADE OU ORGANISMO	IMPORTE	DATA

- DATOS / CONDICIÓN AXUDA:

1. Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
2. Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria é de.....traballadores (**OLLO, sinálese o que corresponda de forma obrigatoria**).
(Téñase en conta que como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extingase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato).
3. Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria e que cumpre os requisitos sinalados na mesma.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Non estar excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.
6. Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento dos obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

NOTA INFORMATIVA SOBRE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS Á CONTRATACIÓN

A entidade ou persoa solicitante, ou no seu caso o seu representante, queda obrigado a comunicar de forma inmediata ó Concello de Lugo cantas axudas ou subvencións se pudiesen solicitar, conceder ou percibir de calquera organismo, entidade ou institución, tanto pública como privada.

Da mesma maneira, no caso de que dito suposto se producise dende o momento da solicitude presente, queda obrigado a manifestalo, igualmente que no suposto anterior, no menor tempo posible ó Concello de Lugo.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. DNI da persoa solicitante ou representante
2. NIF da entidade solicitante
3. Poder para actuar en nome da entidade
4. Certificación bancaria do número de conta
5. Certificado de non ter débedas coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social

LEXISLACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1455725547009010024.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

En cumprimento do disposto pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, o acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento ou oposición nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

MARCO NORMATIVO DA CONTRATACIÓN

Orde de 21 de febreiro de 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade Da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se Procede á súa convocatoria para o ano 2022 (Publicado no DOG. N.º46 do martes, 8 de marzo de 2022)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugo,dede 2023

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

EXCMA. SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO

SEGUNDO.- Aprobar a apertura da convocatoria das subvencións referidas no punto anterior e a publicación do extracto das bases no BOP de Lugo e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). O prazo para presentar as solicitudes será DUN MES, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo, publicaranse estas bases na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal) e deberán inserirse igualmente no Taboleiro de Anuncios municipal (www.lugo.gal).

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 21.000€ con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 24102.48100 co RC. 25194 - (Código de proxecto: 222410204), do vixente presuposto municipal.